

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

Esta é a programación do Proxecto Competencial de 2º ESO do CPI Luís Díaz Moreno de Baralla seguindo o decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste curso hai 11 alumnos/as con distintas capacidades.

As características do centro son:

- A situación económico-social das familias é de tipo medio-baixo, dedicándose a maioría ao sector primario. O nivel de estudos das familias tamén é medio-baixo.
- O centro conta con aulas dotadas dos recursos informáticos e outros materiais de apoio, que paulatinamente se van incorporando no traballo diario da materia do Proxecto Competencial. Na aula hai un ordenador por alumno procedentes do proxecto Abalar, pero a súa lentitude e as avarías constantes fan que sexan pouco utilizados.
- As aulas contan con pouco alumnado, aspecto que favorece unha atención máis personalizada e que posibilita situacións de reforzo educativo dentro do proceso de ensino aprendizaxe, mediante unha avaliación continua.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Valores	Tratase valores coma o dereito a vida, respecto e cuidado de maiores, etc	25	12	X		
2	A radio da escola	Colaborar co proxecto que xa existe no colexio da radio.	35	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Realidade da contorna	Sensibilizarse coas particularidades e problemáticas da contorna.	40	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Valores	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura galega.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Rúbrica		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Rúbrica		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Rúbrica		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Rúbrica		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Rúbrica		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Rúbrica		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Rúbrica		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Rúbrica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Rúbrica		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Rúbrica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	A radio da escola	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Rúbrica		
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Rúbrica		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Rúbrica		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Rúbrica		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Rúbrica	TI	100
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Rúbrica		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Rúbrica		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Rúbrica		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Rúbrica		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Rúbrica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Realidade da contorna	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Rúbrica	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Rúbrica		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Rúbrica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Rúbrica		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Rúbrica		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Rúbrica		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Rúbrica		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Rúbrica		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Rúbrica		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Rúbrica		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Valor do rural, de Baralla e da comarca dos Ancares		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- 1 - Aspectos xerais
 - Partir da competencia inicial do alumnado.
 - Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
 - Potenciar as metodoloxía activas.
 - Combinar traballo individual e cooperativo.
 - Uso habitual das TIC.
 - Papel facilitador do profesor/a.
- 2 - Estratexias metodolóxicas
 - Actividades iniciais, de motivación e detección de ideas previas.
 - Proxección de vídeos, pequenos documentais ou películas relacionados cos contidos da materia.

Proposta de actividades de reforzo ou recuperación para o alumnado que amose dificultades
- 3 - Secuencia habitual de traballo na aula
 - Motivación: presentación da unidade con vídeos, gráficos, textos, fotos, esquemas, etc. Intentando motivar ao alumnado e pescudar os seus coñecementos previos.
 - Referencias a páxinas web e outros recursos que poden consultarse na aula e a biblioteca do centro para ampliar a información.
 - Comentario de textos, imaxes, etc relacionados co tema.
 - Elaboración de gráficas, esquemas e mapas conceptuais.
 - Uso de programas informáticos: Impress. libre writer. Genially
 - Avaliación: a miúdo nas sesións lectivas haberá unha parte de avaliación do interese e a actitude cara á materia e cara aos demais, así como do traballo que se está a realizar na aula por medio da observación e da supervisión do caderno de aula, e tamén do traballo realizado na casa a través do control de realización e corrección das tarefas, do que tamén se levará rexistro.
 - Alternarase o traballo individual e en pequenos grupos.
 - O espazo de referencia será a aula do grupo. Tamén se utilizará a aula de informática nos cursos non Abalar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Artigos e produtos reutilizables (bolsas, recipientes, botes...).
Pegamentos, colas.
Sprays, pinturas.
Marcadores e rotuladores
Cartulinas
Aula virtual
Pegamento

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de informática onde os grupos buscarán a información correspondente e comezarán a redactar as súas propostas.

Neste curso escollerán temas a tratar por grupos cooperativos, o profesor ofreceralles un amplo abano de temáticas

entre as que escollerán as do seu interese para desenvolver o traballo ou debate.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O principio de cada unidade didáctica faremos un debate para conocer os coñecementos sobre a unidade didáctica a estudar. A partir deses coñecementos desenvolveremos a unidade. Do resultado obtido informaráselle ao alumnado, aínda que non terá efecto sobre a cualificación da materia. Servirá de punto de partida para tomar decisións metodolóxicas e mesmo para a modificación da secuenciación e temporalización de contidos, así como para a inclusión dalgúns de cursos anteriores, sempre que se detecten carencias que afectan a todo grupo. Así mesmo, permitirá detectar dificultades individuais e a posta en marcha de medidas para subsanalas (actividades de reforzo, orientacións para traballar a materia...).

Informarase á familia a través do alumnado e dos titores e titoras, cando esta información fose requerida

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para calcular a nota de cada avaliación:

Faremos a media dos traballos realizados nese trimestre. Esa media representa o 80% da nota. O 20 % restante será a nota do comportamento, actitude e traballo feito na clase. O redondeo farase a unidades

Para calcular a nota da avaliación final

Faremos a media da nota das tres avaliacións . Se houbera algunha avaliación suspensa tomaríase a meirande nota da avaliación ou da recuperación

Criterios de recuperación:

Se hai algunha avaliación suspensa farase un examen de recuperación dos contidos traballados nese trimestre. A nota do comportamento e actitude quedará igual.

Se a nota da avaliación final fose inferior a 5 farase un traballo ,por cada avaliación suspensa, sobre os contidos traballados nese trimestre. Se finalmente a media das tres avaliacións e superior a 5 aprobaría o curso. Para calcular esta media tomaríamos a meirande nota (da avaliación ou da recuperación) en cada trimestre

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnos/as con materias pendentes nesta asignatura

6. Medidas de atención á diversidade

En principio non proceden, pero o traballo en grupos cooperativos e heteroxeneneos está pensado para que colaboren entre eles aproveitando o potencial de cada alumno nas diferentes competencias e axudándose entre todos cando algún teña dificultades nunha tarefa concreta.

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico			X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Comprensión lectora. E fundamental que entendan a información que busquen en internet e sepan sintetizala.

Expresión oral e escrita. E fundamental que o alumno redacte de forma correcta e nos coloquios participe expresándose con claridade.

Comunicación audiovisual: mediante o apoio de imáxenes e vídeos nas explicacións

Competencia dixital. O programa máis empregado nesta materia e o Libreoffice Impress, no que se deberan facer resúmenes das unidades didácticas.

Educación emocional e en valores: fomento do traballo en grupo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos e aplicando criterios de igualdade. Creatividade: promovendo iniciativas persoais.

Educación para a saúde: resaltar valores relacionados ca saúde

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: resaltar valores relacionados co consumo responsable

Respecto mutuo e colaboración entre iguais: fomento do traballo en grupo

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaboración nas actividades organizadas no centro	Difusión informativa do proxecto.	X		
Participación nas actividades da radio	Difusión informativa do proxecto e participación no concurso "Somos rural"		X	
Saída para recoñecer lugares de interese en Baralla ou arredores e entrevistar personaxes relevantes da contorna.	Difusión informativa do proxecto.			X

Observacións:

Actividades complementarias

1º trimestre - Colaboración nas actividades organizadas no centro

2º trimestre - Participación nas actividades da radio

3º trimestre - Saída para recoñecer lugares de interese en Baralla ou arredores e entrevistar personaxes relevantes da contorna.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.

Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados